OIA SE BENEFICIARÁ DA EXENCIÓN DO IMPOSTO PARA ADQUIRIR UNHA VIVIENDA HABITUAL NO RURAL

Adquirir unha vivenda habitual en Oia será máis barato grazas ó 'Programa de impostos cero no rural' aprobado pola Xunta de Galicia. Poden optar a esta exención fiscal os moz@s menores de 36 anos, familias numerosas e persoas con discapacidade no eido rural.

Desta maneira ao adquirir estes colectivos, por un lado, unha vivenda habitual de segunda man, non se pagaría o Imposto de Transmisións Patrimoniais Onerosas (ITP), que actualmente supón un 10% do prezo, por outra banda se fose unha vivenda nova se aforraría os Actos Xurídicos Documentados (AXD), isto é un 1'5%.

VIVENDAS DE USO TURÍSTICO

No mes de Xaneiro se aprobou o Decreto Autonómico que regula as Vivendas de uso turístico dirixido principalmente a pisos ou vivendas habituais que se poidan alquilar no verán e noutras datas.

De acordo con esta normativa, os propietarios que alquilen a súa vivenda por tempo inferior a trinta días, e cumplan unha serie de condicións sobre a calefacción, mobiliario, dispoñibilidade e follas de reclamacións, teñen que realizar unha serie de pasos para rexistrarse na Xunta de Galicia.

PLAN RENOVE DE FIESTRAS

Axuda da Xunta de Galicia destinada a persoas físicas propietarias ou titulares de dereitos sobre inmobles ubicados en Galicia.

Prazo de presentación de solicitudes do 01/03/17 a 29/09/17.

Axuda máxima 3.000 euros por vivenda (nunca máis do 25% do total do custo da obra).

+ info no Concello de Oia- tel 986 362 125.

SERVIZOS SOCIAIS

TERMALISMO SOCIAL IMSERSO

Poden ser usuarios persoas residentes en España. Requisitos:
a. Pensionista de xubilación ou incapacidade permanente.
b. Pensionista de viuvedade con 55 ou máis anos de idade.
c. Pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con 60 ou máis anos de idade.
d. Asegurado ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social español, con 65 ou máis anos de idade.

Prazo de presentación:
1. Para os meses de febreiro a agosto, ambos inclusive: ate o día 13/01/17.
2. Para os meses de setembro a decembro: ate o día 12/05/17.

+ info Servizos Sociais do Concello- tel. 986 362 125.

SERVIZOS SOCIAIS - AXUDAS

- Axudas urxentes de tipo social para **evitar os cortes de suministro eléctrico** ás persoas máis vulnerables.
- Axuda económica para o pago de parte da factura eléctrica a través do **ticket eléctrico social de Galicia**: destinado a unidades de convivencia con menores ou discapacitados cuxos ingresos totais da unidade de convivencia non superen 1,5 veces o IPREM (9.585,19€/ano).
- Axuda económica a través da **tarxeta benvida para as familias con fillos e fillas** nados no ano 2017.
- **Complemento para titulares de Pensións Non Conctributivas** que residan nunha vivenda alugada: dirixido a persoas beneficiarias de PNC de xubilación e invalidez que carezan de vivenda en propiedade e residan de forma habitual nunha vivenda alugada como titular do contrato.

+ info Servizos Sociais do Concello- tel. 986 362 125.

INFORMATIVO | Concello de Oia

Camiño Portugués da Costa

Boletín nº 1 Febreiro - Marzo 2017

AXENDA

4 FEBREIRO
Festa de San Blas en Burgueira

19 FEBREIRO
Curso de revisión do equipo de parapente e plegado paracaídas
Pavillón do Colexio Mestre Manuel García
+ info no teléfono 610 403 040, prezo 20 € / Prazas limitadas

25 FEBREIRO
Festa de disfraces infantil na Casa Cultural de Pedornes
De 17.00 h ás 19.30 h
Necesaria a previa inscrición no Concello

27 FEBREIRO
Campaña Reciclaxe na Casa Cultural de Mougás coincidindo co entroido que organiza a AA.VV.
De 16.00 h ás 19.00 h

1 MARZO
Taller de cociña entroido para nen@s nas Escolas de Torroña
De 10.00 h á 13.00 h
Prezo 3 euros , necesaria a previa inscrición no Concello

2-3-4 MARZO
Intercambio cultural crianças coa Freguesía de Oiã

26 de MARZO
Trail Desafio Oia 2017 e andaina. Saída dende o Mosteiro.
Asoc. Galega de Fibrose Quística organizará actividades para nen@s durante a mañá
+ info www.cornelios.es e no Concello- tel. 986 362 125.

RECORDA

SEDE ELECTRÓNICA: Para adaptarnos a nova Lei, a partir do 1 de xaneiro, as entidades que teñan CIF, teñen que presentar a documentación a través da SEDE ELECTRONICA.

FESTAS POPULARES: As solicitudes para a celebración de festas e verbenas populares deben presentarse, xunto con toda a documentación necesaria, na Sede Electrónica da web do Concello, alomenos con DEZ DIAS de antelación.

TELÉFONO DE QUEIMAS: Hai que chamar ao teléfono da Xunta 012 ou solicitar tramitar a comunicación por internet https://queimasweb.xunta.gal/queimasweb.

CALENDARIO DE FESTIVOS LOCAIS 2017

5 de Xuño
Festividade da Virxe do Mar

7 de Agosto
Festividade de San Mamede.

ARRIBADA DE BAIONA

ATSA informa que haberá autobuses nocturnos.

CURSOS E CONTRATACIÓNS

CURSO APLICADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS, NIVEL BÁSICO E CUALIFICADO

Aberto o prazo de inscrición no Concello. O custe do curso Básico é de 58,33 euros e o Cualificado 100 euros (taxas incluídas). Mínimo 15 persoas en cada curso.

O Concello de Oia organizou durante o ano 2016 sete cursos Básicos e un Cualificado, éste último subvencionado pola Consellería de Medio Rural.

CURSO SUBVENCIONADO - CONECTADAS 2017

Subvención da Deputación para Asociacións, primando a participación das mulleres. Se pode escoller entre 47 cursos. Solicitudes ata 9 de marzo.

+ info no Concello- tel. 986 362 125.

PRÓXIMAS CONTRATACIÓNS NO CONCELLO DE OIA

Os beneficiarios serán persoas desempregadas inscritas na oficina de emprego de Baiona, que realizará a preselección das persoas beneficiarias.

Prazas	Plan Concellos Deputación - Ocupación
1	Palista (cno. 83311174) Período: 10 meses (de marzo a decembro)
1	Tractorista (cno. 83221013) Período: 10 meses (de marzo a decembro)
1	Mozo/a recollida lixo (cno. 94411010) Período: 10 meses (de marzo a decembro)
5	Peón forestal (cno. 65431028) 3 durante 5 meses (de marzo a xullo) 2 durante 7 meses (de xuño a decembro)
4	Albaneis (cno. 71211015) 2 durante 5 meses (de marzo a xullo) 2 durante 7 meses (de xuño a decembro)

MEDIOAMBIENTE

A CAMPAÑA DE RECICLAXE “OPORTUNIDADES GALICIA” CHEGA A OIA

A Campaña itinerante promovida pola Xunta de Galicia “**Oportunidades Galicia. Separemos ben, reciclemos mellor**” visitará a Parroquia de Mougás o vindeiro 27 de febreiro, coincidindo coa celebración do Entroido.

Con esta campaña se pretende explicar aos veciñ@s as pautas a seguir para producir menos lixo, pero tamén para reciclar máis e mellor. Reciclar ben será determinante para o futuro do noso planeta, pero tamén é esencial para a economía de todos nós. Debemos ser conscientes de que polos residuos que depositamos no contedor verde o Concello ten que pagar uns 90.000 euros o ano, namentres que polos que se reciclan non, todo o contrario. Por iso, é importante que todos tomemos conciencia para evitar que repercuta negativamente na nosa economía.

O CONCELLO DE OIA ADVIRTE DOS RISCOS DO PLUMEIRO DA PAMPA

O Concello de Oia advirte aos cidadáns sobre o risco para o medio ambiente e a saúde que supón o Plumeiro da Pampa e pide a colaboración de tod@s para frear a expansión desta especie invasora no noso municipio.

Dende o Concello se **solicita aos veciñ@s que non leven os plumeiros á casa para adornar, xa que deste xeito contribúen a súa propagación, e colaboren na súa eliminación**.

Os Plumeiros poden producir ata 100.000 sementes cada un, e o vento pode propagalos a unha distancia de 20-30 quilómetros.

O CONCELLO DE OIA SE SUMA Á LOITA CONTRA A VESPA VELUTINA

O Concello de Oia, consciente de que esta praga só se pode combater sumando esforzos, se incorporou aos concellos colaboradores coa Xunta de Galicia, de maneira que, segundo o plan de control, **unha vez que se confirma a presenza dun niño no concello de Oia, se avisa ao persoal responsable do concello, quen se encarga de coordinar a actuación**.

Para levar a cabo esta tarefa, o Concello conta con **voluntarios**, e se dotou dunha **pértega** para poder chegar a niños que se atopan entre 25 e 30 metros de altura. Así mesmo, dispón de **dous traxes especiais** cedidos pola Xunta para acometer esta labor.

NOVIDADES SOBRE AS DEPURADORAS DE OIA

O Concello de Oia, a petición dos afectados da depuradora de Viladesuso e do grupo socialista, trasladou á Deputación o acordo debatido e aprobado no pleno de novembro, no que se solicitaba a elaboración dun proxecto de reubicación da depuradora, ou de non ser posible, a construción dunha EDAR. En resposta, o **organismo provincial se desentendeu do problema** e instou ó Concello a acometer a obra co Plan Concellos 2017, cun presuposto de 433.000 euros, dos cales a obras se destinan 270.000 euros, o resto se aplica a emprego, débedas e gasto corrente.

No exercicio 2016, grazas a estes **fondos, que nos corresponden por poboación e extensión,** se puideron acometer obras como a canalización de pluviais da praza Centinela, a terminación do Camiño da Calzada, o Inventario de bens, a mellora e ampliación do parque infantil de Viladesuso, tramos de saneamento e abastecemento, a excavación do terreo para o depósito de Chavella, suministro de sinais, papeleiras, postes da luz, marquesinas, entre outros. Sen estes fondos non se poderían ter acometido estas obras necesarias para os veciñ@s.

A Deputación está para axudar ós Concellos máis pequenos, polo que seguimos confiando en que dita institución reconsiderará a solicitude de tódolos veciñ@s que asinaron en favor da reubicación da depuradora, xa que **necesitamos a colaboración de administracións superiores para determinadas obras**, tal e como acontece con ésta e coa conexión do saneamento das Mariñas á depuradora de Silleiro, onde a Xunta de Galicia vai invertir 300.000 euros. *Se a Xunta seguise a política da Deputación e nos remitise o Plan Concellos, non poderíamos acometer esa obra.*

CULTURA E NOVAS

INTERCAMBIO CULTURAL COA FREGUESÍA DE OIÃ

O Concello de Oia xunto cos centros educativos CEIP Mestre Manuel García e CEIP Refoxos, van realizar un intercambio cultural dos alumnos de 5º e 6º de primaria coa Freguesía de Oiã.

Así, o 2, 3 e 4 de marzo, os alumnos de Oiã visitarán o noso Concello, onde convivirán durante tres días coas nosas familias, e despois, o 20, 21, 22 de abril, irán os nosos alumnos a Freguesía de Oiã.

É unha aposta de futuro, e estamos convencidos de que este intercambio cultural será moi enriquecedor para os estudantes e as familias, e axudará a fortalecer os lazos de amizade que hai entre ambos pobos.

O CONCELLO DE OIA EDITA O LIBRO “OS BOLECHAS VAN A OIA“

O Concello de Oia en colaboración co ilustrador **Pepe Carreiro**, editou o primeiro libro infantil dos Bolechas sobre Oia. O Concello pretende fomentar a lectura e dar a coñecer aos máis pequenos o patrimonio artístico, paisaxístico, etnográfico e cultural do municipio, a través das aventuras dos Bolechas. A edición foi financiada polo Concello e a Deputación de Pontevedra.

O Concello agasallou aos nen@s cun exemplar, e tamén fixo chegar varios exemplares aos colexios e bibliotecas.

ACTO DE HOMENAXE A CELEDONIO CRESPO CARABELOS

O 8 de xaneiro se celebrou na Praza do Concello un acto en homenaxe póstuma a Celedonio Crespo Carabelos, quen foi alguacil dende 1977 ata 2008, e quen merecía ser lembrado polo seu carácter excepcional, afable e servicial. No acto se descubriu un busto de pedra na súa honra, obra do artista Félix Gómez Fidalgo (O Rosal).

Ao acto asistiron numerosas persoas, entre familiares, membros da Corporación, amigos e veciños. Dita proposta foi presentada á Alcaldesa fai un ano polo seu irmán Baldomero, Néstor Estévez e Camilo Caeiro, e se puido levar a cabo grazas a unha subvención da Xunta de Galicia para reformar a praza.

SITUACIÓN DO PROXECTO DO MOSTEIRO DE OIA

O Concello informa que o grupo socialista pretende aprobar unha modificación das normas subsidiarias para desenvolver un complexo turístico, onde o importante según eles é arriscarse e tirar para adiante, que logo xa se irán resolvendo os problemas. Esta irresponsable teoría, só pode supoñer graves problemas futuros para o Concello.

Segundo a propiedade, o Concello deberá garantir tódolos servizos: abastecemento, saneamento, etc., e **precisará un caudal de auga de 496 m3/día**. Para saber se podemos garantir tal cantidade de auga diaria (supón o dobre da capacidade do depósito municipal), dende o Concello solicitamos a Augas de Galicia un **informe sobre o caudal do acuífero**. Nos remitiron recentemente un preinforme, onde nos indican que se pode garantir a demanda actual, pero **no caso do desenvolvemento do complexo turístico, non se pode garantir a sostenibilidade do recurso**.

Seguiremos avanzando e intentando chegar a acordos, pero sendo conscentes, como se recolle no Convenio do 2011, que este Concello necesitará do apoio económico doutras administracións superiores para poder satisfacer os servicios necesarios; ou como prevé a Lei, será o propietario quen deba asumilo.

Por outra parte, lembrar que o *Mosteiro está catalogado como un Ben de Interese Cultural (BIC), e segundo a Lei de Patrimonio cultural de Galicia, o propietario está obrigado a conservalo, mantelo e custodialo, ademáis de permitir a visita pública gratuita nun número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día.*